



## ANUNCIO

### APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN DE DEPARTAMENTOS NOVOS, NO PORTO DE RIANXO.

Mediante o presente anuncio procedese á apertura dun prazo **de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia**, para a presentación polos interesados de solicitudes de ocupación de ditos departamentos, conforme ás seguintes bases:

1.- As solicitudes deberán presentarse na Sede Electrónica da Xunta de Galicia empregando o modelo con código IF500B, regulado na RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento de prórroga de autorización de ocupación de dominio público portuario (códigos de procedemento IF500B e IF500C). Dentro do prazo establecido.

2.- Deberá aportarse xunto a solicitude IF500B a documentación do anexo I do procedemento:

a.-) Documentación acreditativa das actividades do peticionario no porto de **RIANXO**, de acordo cos criterios seguintes:

1.-En caso de armadores de buques de pesca/marisqueo, deberán presentar unha copia actualizada da follla de asento da embarcación da capitania marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüidade máxima dun ano. Este documento compose polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitania Marítima, e acreditación da actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª da presente convocatoria.

2.-En caso de mariscadores a pe, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas, deberán acreditar a actividade de acordó co establecido na cláusula 4ª.

3.-En caso de exportadores de pescado, deberán acreditar a actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª.

4.-En caso de armadores de 7ª lista, deberán presentar unha copia actualizada da follla de asento da embarcación da capitania marítima correspondente. A certificación debe ter unha antigüidade máxima dun ano. Este documento compose polas follas: "Rexistro Marítimo Español" e "Folla ou follas de Asiento" seguintes. Certificado de navegabilidade, máis permiso ou licenza de navegación da embarcación. Todo isto, debidamente compulsada pola Capitania Marítima, así coma orixinal ou copia autenticada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formaliza a solicitude.

5.-*As embarcacións inscritas segundo o Réxime especial das embarcacións de recreo con marcado CE de eslora igual o inferior a 12 mts. e que non teñan Certificado de Inscripción dunha copia compulsada da Declaración de Conformidade da embarcación CE.*

6.-Nos demais casos, a documentación deberá acreditar co máximo detalle posible as actividades desenvolvidas polo peticionario no porto de **RIANXO**.

b.-) No caso de que a petición se faga a nome dunha Sociedade, deberá presentarse fotocopia compulsada da Escritura de Constitución da Sociedade.

3.-O Ente Público Portos de Galicia, á vista da documentación presentada, valorará as distintas solicitudes e procederá, no seu caso, ó outorgamento das autorizacións correspondentes. *Darase preferencia ás solicitudes polo seguinte orden:*

1º) **Armadores**, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

2º) **Mariscadores a pe, recolectores de recursos específicos, ou outras actividades extractivas**, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

3º) **Exportadores**

4º) **Mexilloeiros e bateiros**, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.

5º) **Armadores de 7ª lista**, con preferencia os que teñan autorizada unha praza de amarre no porto ou teñan base nese porto; e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto. En caso de exceder o número de solicitudes o dos departamentos dispoñibles, a preferencia darase por orde de entrada en rexistro de acordo





co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6º) **Outros usuarios.** Sempre e cando os usos solicitados sexan conforme cos permitidos na **Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP), aprobado para o Porto, de ser o caso.**

4.- A actividade á que se refire os puntos da presente convocatoria acreditarase do seguinte xeito:

- Buques pesqueiros/marisqueo: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos asociado ó solicitante e ó buque. Para o cálculo do volumen anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados. No suposto de que nos tres últimos anos se propuxesen cambios de embarcación por parte do titular, poderase acreditar a actividade tanto da nova como da vella durante ese período.
  - Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos relativo ó mariscador. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
  - Exportadores: certificación das compras en lonxa dos tres últimos anos do solicitante. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
  - So se terán en conta aqueles certificados anuais que superen un volumen de compras/ventas superior ó mínimo interprofesional. No suposto de embarcacións este mínimo interprofesional será multiplicado polo número de tripulantes da embarcación. O feito de non cumprir este requisito implicará a perda de prioridade no proceso de adxudicación sobre outros posibles solicitantes.
  - No caso de que as vendas se acrediten nunha lonxa doutro porto, multiplicarase por 0,75 o importe acreditado se a lonxa está nun porto autonómico, e multiplicarase por 0,5 se as vendas acreditadas nunha Autoridade Portuaria.
  - Terán prioridade as solicitudes dos propietarios de embarcación con base no porto onde se localiza o departamento, en segundo lugar os que teñan base nun porto que dependa da mesma confraría que o porto onde se localiza o departamento e en terceiro lugar os restantes. Para elo, o importe anual de vendas ponderarase multiplicándoas por 1,5 para embarcacións con base no mesmo porto, por 1,25 para os que teñan base nun porto dependente da mesma confraría e por 1 os restantes.
  - No suposto de exportadores, ponderarase o volume de compras en lonxa de igual xeito, multiplicando por 1,5 para o volume acreditado na lonxa do mesmo porto, 1,25 para as compras en lonxas dependentes da mesma confraría e 1 para as restantes
- 4 As solicitudes tramitaranse una por cada titular, e no caso de armadores se poderá admitir una por cada embarcación da cal é propietario, sempre que se acredite a titularidade e a actividade de xeito desagregado
- 5 En caso de que algún solicitante xa dispoña dun departamento autorizado no porto de RIANXO pasará ó final da lista de solicitantes da súa categoría a efectos de prioridade na adxudicación.
- 6 No serán admitidas as solicitudes das persoas ou entidades que teñan débedas pendentes co Ente Público Portos de Galicia.
- 7 De conformidade co disposto na normativa sobre facendas locais, Portos de Galicia repercutirá a parte da cuota líquida do imposto de bens inmoables en razón á parte do valor catastral que corresponde á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada cesionario do dereito de uso
- 8 As condicións que rexerán a ocupación dos departamentos poderán ser examinadas nas oficinas de Portos de Galicia no porto de **RIANXO**, e na páxina web: **www.portosdeg Galicia.com** .





## PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE SE REXERÁN AS AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO ADSCRITO A PORTOS DE GALICIA.

### Fundamento legal

O presente prego se aproba ao amparo da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e o Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás concesións sobre dominio público portuario.

O contido das presentes condicións xerais e das particulares que se establezan é en todo caso complementario e non substitutivo de calquera normativa legal vixente en cada momento que afecte ao dominio público portuario e ás actividades que nel se desenvolven.

No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, estarase ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu defecto, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas así como do seu regulamento aprobado polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás autorizacións sobre dominio público portuario.

### Disposicións xerais

A presente autorización administrativa de ocupación de dominio público, que non supón cesión do dominio público portuario nin das facultades dominicais do Estado, outórgase a **XXXXXXXX** tendo por obxecto **ALMACÉN DE APARELLOS DE ACUICULTURA, MARISQUEO A PÉ, EMBARCACIÓN PROFESIONAL** no porto de **RIANXO**, e outórgase con suxeición ó presente Prego de Condicións Xerais, e, de ser o caso, ao Prego de Condicións Xerais polas que se rexe o desenvolvemento das actividades comerciais, industriais e de servizos que constitúan o obxecto da autorización, así como polas condicións particulares que no seu caso se determinen.

As obras e instalacións incluídas na autorización de ocupación de dominio público son as seguintes: **34 m<sup>2</sup> cubertos** en planta baixa e se localiza no porto de Rianxo.

1ª.- Esta autorización outórgase dende o **XXXXXXXX**, salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiro. O cómputo deste prazo iniciarase o día seguinte ao da data de notificación ao titular da Resolución de outorgamento da autorización.

Rematado o prazo a autorización quedará extinguida, debendo o titular desta retirar do dominio público ocupado os materiais e instalacións que o ocupen no prazo máximo de QUINCE (15) DÍAS contados a partir do seguinte ao da extinción da autorización.

2ª.- O outorgamento desta autorización non exige ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, nin do pagamento dos impostos que lle sexan de aplicación. Non obstante, cando estes se obteñan con anterioridade á presente, o outorgamento desta autorización non exige ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, nin do pagamento dos impostos que se deriven da autorización, a súa eficacia quedará demorada ata que esta sexa outorgada.

3ª.- O titular virá obrigado a cumprir as disposicións vixentes, ou as que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público portuario ocupado e ás obras e actividades que neste dominio público se desenvolven, especialmente as correspondentes a licencias e prescricións urbanísticas, así como as relativas ás zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as obras que se executen poidan ser obstáculo ao paso para o exercicio da vixilancia litoral nin das demais servidumes públicas que procedan.

4ª.- Serán por conta do titular da autorización os impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e, en particular, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens inmobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo da autorización outorgada; segundo se establece no artigo 63. 2, segundo parágrafo, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A tal efecto, Portos de Galicia determinará a cota repercutible en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada.



#### Conservación das instalacións

5ª.- **O titular queda obrigado a conservar as obras, instalacións e terreos obxecto da autorización en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.**

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos, e sinalar as obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o titular da autorización a executalas ao seu cargo no prazo que se lle sinala.

O incumprimento desta condición será causa de caducidade da mesma.

#### Taxas e gastos

6ª.- O titular da autorización aboará a Portos de Galicia, na forma que este acorde, as taxas seguintes:

- a) **Taxa por ocupación do dominio público portuario**, conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 2 de novembro de 2011 pola que se aproban os criterios de cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta taxa aboarase por semestres adiantados a partir da data da notificación do outorgamento da autorización.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse ao dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido para ocupación terreos ou augas do porto, actualízase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte. No será de aplicación esta actualización anual pola variación do IPC ós valores resultantes pola ocupación de obras e instalacións, os cales permanecerán constantes durante o período concesional agás as posibles revisións sinaladas na no parágrafo seguinte.

Asemade, a valoración poderá ser revisada cada cinco anos e, en todo caso, revisarase cada dez anos e sempre que se modifique o valor das obras e instalacións e o valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia (aprobados pola Orde do 2 de novembro de 2011), que se atope afectada pola devandita modificación, ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar ao seu valor.

- **Contía da taxa: 2,65 €/ano**
- **Superficie ocupada: 34 m<sup>2</sup>**

En caso de impago das liquidacións emitidas, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia.

- b) **Taxa por ocupación de obras e instalacións**, conforme ó disposto para esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Canon da ocupación do departamento: 22,02 €/ano**

**IMPORTE TOTAL TODP: 2,65 + 22,02 = 24,67 €/m<sup>2</sup>/ano**

**IMPORTE TODP POR DEPARTAMENTO: 24,67 x 34= 838,78 €/ano**

Esta taxa aboarase por semestres adiantados a partir da data da notificación do outorgamento da autorización.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

En caso de impago das liquidacións emitidas, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia.

- c) **Taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos.**





No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación de dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente autorización de ocupación do dominio público, e o titular aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme ao Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, alínea 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, subalínea 03 - tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cota Anual da Taxa: 0%.

Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o devengo producirase no momento de notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso. Nos anos sucesivos o devengo producirase o 1 de xaneiro.

No caso de que a taxa se esixa por adiantando, a súa contía calcularase para o primeiro exercicio sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico e de negocio, e nos exercicios sucesivos sobre os datos reais do ano anterior.

Segundo o disposto no artigo 42 da Lei 6/2003, de taxas prezos e exacción reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no suposto de que a concesión fose seleccionada por concurso público o tipo da taxa resultante virá determinada pola suma de dous compoñentes: a porcentaxe vixente no momento da devindicación e a mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse ao dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

Independentemente de que o aboamento das taxas está garantido pola fianza, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

7ª.- O titular da autorización, e calquera terceiro autorizado e partícipe na explotación da autorización, está obrigado a levar unha contabilidade separada e independente da xestión das instalacións, levando contas separadas con respecto a outras posibles actividades que poida ter noutros ámbitos. Nelas, deberá reflectirse claramente o balance de ingresos e gastos xerados pola actividade obxecto da autorización; e en calquera momento, Portos de Galicia, poderá esixirle estas contas ou auditais, así coma calquera outra información económica ou fiscal.

8ª.- Se é o caso, os gastos orixinados polo anuncio da Resolución de outorgamento da autorización será a conta do titular da autorización.

9ª.- Os tráfico portuarios que utilicen as instalacións obxecto da autorización, estarán suxeitos ao aboamento, a Portos de Galicia, das tarifas portuarias vixentes en cada momento, agás a correspondente á ocupación dos bens de dominio público obxecto da autorización.

10ª.- O titular da autorización demanial e/ou das actividades anteriores, deberá subministrar a Portos de Galicia, no prazo e na forma que este determine, a información técnica ou económica que lle sexa solicitada no exercicio das súas competencias, e canta documentación lle sexa requirida para o cálculo do importe das taxas que sexan aplicables.

A omisión ou o retraso inxustificable da transmisión de datos, o subministro de datos incorrectos, o carácter deficiente da informacións facilitada ou o seu falseamento probado, ademais de sancionarse de acordo co disposto no Capítulo III do Título VI da Lei 6/2017 de portos de Galicia, será causa de caducidade da autorización.

#### Uso e explotación

**11ª.-** A autorización destinarase exclusivamente a **ALMACÉN PARA APARELLOS DE ACUICULTURA\_MARISQUEO A PÉ\_EMBARCACIÓN PROFESIONAL**

O titular non poderá destinar os bens de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados.

1ª.- No prazo dun mes a contar dende o día no que o concesionario teña notificación do outorgamento da autorización, no suposto de que así se estableza nas condicións particulares polas características específicas da actividade a desenvolver, o titular da autorización deberá acreditar na Oficina correspondente de Portos de Galicia a consignación na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda, a disposición do Presidente de Portos de Galicia, dunha garantía de explotación por un importe anual que non poderá ser inferior á metade da totalidade das taxas anuais, incluídos impostos, que o concesionario ten que aboar, nin superior o importe.





A garantía de explotación responderá de todas as obrigas derivadas da autorización, das sancións que por incumprimento das condicións da mesma se poidan impoñer ao titular da autorización, e dos danos e prexuízos que tales incumprimentos poidan ocasionar.

A garantía será devolta á extinción da autorización, unha vez realizado o pagamento das liquidacións pendentes, con dedución das cantidades que, no seu caso, deban facerse efectivas en concepto de penalización ou responsabilidades nas que teña incorrido o concesionario fronte a Portos de Galicia.

2ª.- O titular da autorización xestionará a súa actividade o seu risco e ventura. Portos de Galicia en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo titular nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros.

Todo o persoal necesario para a explotación da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de Seguridade Social.

3ª.- A falta de utilización, durante un período de seis (6) meses, agás que nas condicións particulares se indique outro inferior, das instalacións e bens de dominio público concedidos, será motivo de caducidade da autorización, a non ser que obedeza a xusta causa. Corresponde a Portos de Galicia, en cada caso concreto, cualificar as causas alegadas polo titular para xustificar a falta de uso das obras e bens concedidos. A este obxecto, o titular da autorización queda obrigado, antes de que transcorran os seis (6) meses, ou si fora menor do prazo indicado nas condicións particulares, a poñer en coñecemento de Portos de Galicia as circunstancias que motiven a falta de utilización dos bens concedidos e das instalacións autorizadas. Se Portos de Galicia considera inadecuadas as causas alegadas polo titular, procederase á incoación de expediente de caducidade da autorización.

4ª.- O titular da autorización deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón dita lexislación, documentación que deberán conservar e por a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, cando esta lle sexa requirida.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións autorizadas e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúan algún traballo pola súa conta.

O titular da autorización, co fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro, comprométese ó seguinte:

- Recibir e trasladar o seus traballadores a Ficha de Información de Riscos e Medidas Preventivas dos portos. O dito documento está a súa disposición na páxina web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com).
- Recibir e trasladar ós seus traballadores as Medidas de Emerxencia e Listados de Teléfonos de Emerxencias que están a súa disposición e na páxina web [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com)
- Acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariais que, no seu caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública

5ª.- Serán a cargo do concesionario os gastos de electricidade, auga, servizo telefónico, recollida de lixo nas instalacións autorizadas, a vixilancia no ámbito da autorización e calquera outros necesarios para o desenvolvemento da actividade e todos os gastos que esta ocasione, así como a concesión dos correspondentes servizos, as acometidas e o pagamento dos dereitos correspondentes.

6ª.- As instalacións deberán contar en todo momento cos dispositivos específicos para o tratamento dos residuos de todo tipo xerados polo uso e explotación da instalación, sendo responsable o concesionario de dispoñer dos medios necesarios dentro do recinto das instalacións autorizadas para o seu depósito e separación, de xeito que se evite o vertido incontrolado de residuos perigosos ou contaminantes, así como a contaminación ambiental que poida derivarse dunha explotación non axeitada.

De ser o caso, isto implicará a responsabilidade na xestión de residuos oleosos, baterías, augas de sentina, de augas residuais procedentes de aseos, instalacións de lavado de depósitos ou de escorrentía superficial cumprindo coas normas vixentes nesta materia, incluíndo a de darse de alta como produtor de residuos perigosos e asumindo os gastos derivados da recollida e xestión dos residuos por xestor autorizado dos mesmos.

Portos de Galicia non asumirá en ningún caso os custos de recollida e xestión de residuos perigosos provenientes da explotación das instalacións autorizadas.

Cando as instalacións non satisfagan as normas aplicables, o concesionario estará obrigado a realizar, nos prazos que se sinalen, as correccións necesarias ata que, a xuízo da autoridade competente, se cumpran ditas normas.



En función da tipoloxía dos residuos xerados na instalación ou do seu volume, Portos de Galicia poderá esixir ó titular da autorización a asumir a súa recollida e xestión integral, o cal, no seu caso, será indicado na correspondente condición particular, ou en calquera momento ó longo da vixencia da concesión se fose necesario.

No caso de que as augas residuais, previamente tratadas, sexan vertidas ó mar deberá, por parte do concesionario, a correspondente autorización de punto de vertido.

7ª.- O titular da concesión está obrigado a cumprir coa normativa medioambiental vixente, así como coas normas medioambientais dispostas por Portos de Galicia ou que se establezan no futuro como consecuencia da política de xestión medioambiental de Portos de Galicia.

8ª.- Como requisito previo á autorización de inicio das actividades no suposto de que se manipulen ou se almacenen substancias cualificadas como perigosas segundo a lexislación vixente, o titular da autorización estará obrigado a elaborar e presentar a Portos de Galicia o correspondente Plan de Emerxencia Interior.

O incumprimento das disposicións establecidas nesta condición 20ª ou nas anteriores 18ª e 19ª, será causa de caducidade da concesión.

9ª.- O titular da autorización que se outorgue en espazos afectos ás axudas á navegación, ou que implique ocupación de lámina de auga, estará obrigado a instalar e manter pola súa conta as axudas á navegación e o balizamento que se lle indique por Portos de Galicia. No seu caso, establecerase unha condición particular que indique as condicións específicas establecidas, que incluíra a lo menos as que garantan a eficacia do servizo, a independencia de accesos e as medidas de seguridade.

10ª.- Durante a vixencia da autorización o titular desta non poderá realizar ningunha modificación ou ampliación das instalacións e bens de dominio público obxecto da autorización sen a previa autorización de Portos de Galicia.

O incumprimento desta condición será causa de caducidade da autorización.

#### Extinción da autorización

11ª.- A autorización, extinguirase polas seguintes causas:

- a) Vencemento do prazo de outorgamento.
- b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na Lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) A concorrencia sobrevida na persoa titular dalgunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación básica sobre contratación do sector público.
- d) Renuncia do concesionario, que so poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízo ao dominio público portuario, á axeitada prestación dos servizos público portuarios ou a terceiros.
- e) Mutuo acordo entre Portos de Galicia e a persoa titular da autorización.
- f) Disolución ou extinción da sociedade titular, agás nos supostos de fusión ou escisión.
- g) Revogación.
- h) Caducidade segundo as causas indicadas no artigo 90 da Lei 6/2017 de portos de Galicia.
- i) Extinción da autorización, do permiso ou da licenza da que o título demanial sexa soporte.
- j) O falecemento da persoa titular, nos supostos previstos no artigo 77, ou a incapacidade sobrevida cando se trate dun concesionario individual
- k) A desafectación do ben.

12ª.- Extinguida a autorización, o titular terá dereito a retirar fóra do dominio público e das súas zona de servidume as instalacións correspondentes no prazo máximo de QUINCE (15) DÍAS dende o seguinte á extinción da autorización. Así mesmo, estará obrigado a restaurar a realidade física alterada polas instalacións, realizando as obras necesarias a tal fin.



De non levarse a cabo a retirada no prazo sinalado ou a realización das obras pertinentes para deixar as instalacións en condicións axeitadas, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria, pasándolle os correspondentes gastos ao titular da autorización, independentemente das sancións que de acordo coa lexislación vixente en materia de portos se podan impoñer.

13ª.- No caso de que os terreos de dominio público outorgados en autorización fosen necesarios, total ou parcialmente, para a execución de obras declaradas de utilidade pública ou para o cumprimento de esixencias dos servizos públicos e/ou portuarios, e, para realizar aquelas ou atender estes, fora preciso utilizar ou destruír as instalacións ocupadas pola presente autorización, Portos de Galicia poderá ordenar a retirada dos bens do titular depositados na zona autorizada, sen que o interesado teña dereito a indemnización algunha. Neste caso, o usuario deberá desaloxar o dominio público ocupado no prazo máximo DUN (1) MES contado dende o día seguinte ao da notificación da orde de desaloxo.

14ª.- Serán causa de caducidade da autorización os seguintes incumprimentos:

- a) O non pagamento de calquera das taxas xiradas por Portos de Galicia durante un prazo de seis (6) meses.  
Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo, ata un máximo de tres para a toda vixencia do título, si antes de ditar resolución se produce o aboamento íntegro da débeda, incluídos xuros e cargas derivadas do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.
- b) Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de seis (6) meses, a non ser que, a xuízo de Portos de Galicia, obedeza a causa xustificada. Portos de Galicia poderá establecer un prazo inferior nas condicións particulares.
- c) Ocupación do dominio público non autorizado.
- d) A execución de calquera obra no ámbito da autorización, agás que polas súas características foran autorizadas.
- e) Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.
- f) A cesións a un terceiro do uso total ou parcial da autorización
- g) A transmisión da autorización a un terceiro
- h) Incumprimento doutras condicións nas que a inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento ou das determinantes para a adxudicación, se é o caso, do concurso convocado para o seu outorgamento.

Nos casos de infracción grave o moi grave conforme á lexislación aplicable, Portos de Galicia, previa audiencia do titular, poderá declarar a caducidade da autorización administrativa.

O expediente de caducidade da autorización tramitarase con arranxo ao preceptuado nas disposicións vixentes sobre a materia.

15ª.- Rematada a autorización quedarán extinguidos automaticamente os dereitos reais ou persoais que puideran ostentar terceiras persoas sobre o dominio público outorgado. Portos de Galicia non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidera ter concertado o titular da autorización para o exercicio da súa actividade empresarial, polo que en forma algunha poderá entenderse que a desaparición da autorización implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do texto refundido de Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, nin que Portos de Galicia sexa o empresario principal da actividade realizada polo concesionario, aos efectos do artigo 42 do dito texto refundido.

As normas sinaladas no parágrafo anterior serán igualmente aplicables a todos os supostos de extinción, sen prexuízo de que nos casos de rescate poidan os terceiros interesados exercitar as accións que lles correspondan sobre a cantidade que, no seu caso, puidera percibir o concesionario como consecuencia da extinción da autorización.

#### Sancións

16ª.- O incumprimento das condicións da autorización, sen prexuízo da súa caducidade, poderá ser constitutiva de infracción e ser sancionada de conformidade coa lexislación vixente na materia.

O titular da autorización poderá ser sempre sancionado polas infraccións que se establecen na Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, con independencia doutras responsabilidades que, no seu caso, sexan esixibles.

As infraccións serán sancionadas previa instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na lexislación reguladora do procedemento administrativo.







### Medios Mecánicos vinculados á explotación

17ª.- No suposto de que a explotación da autorización implique o usos de medios mecánicos no seu ámbito, ou no seu entorno próximo, procederá á aplicación das correspondentes condicións de utilización para aqueles medios indicados nas condicións particulares, así como das condicións particulares que se inclúan no título.

18ª.- Os titulares das autorizacións para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estarán obrigados a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil cunha cobertura por sinistro que non excederá de 600.000 €, no prazo máximo dun mes a contar dende a notificación da resolución de autorización, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pago da mesma.

A contía concreta da cobertura requirida por sinistro especificarase nas condicións particulares da autorización.

A non acreditación da póliza no prazo antes sinalado implicará sen necesidade dun trámite ulterior, a revogación automática da autorización que quedará condicionada a estes efectos, e a incautación da garantía depositada.

A presentación desta póliza será esixible aínda que o obxecto da autorización consista no manexo en exclusiva de medios mecánicos adscritos ou da propiedade de Portos de Galicia ou doutra Administración que ostente competencias na materia.

19ª.- A organización e dirección dos traballos que integran a actividade de posta a disposición e manexo de medios mecánicos como medio auxiliar a actividade autorizada na autorización é responsabilidade exclusiva do titular da autorización, que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinala o regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, as regras de aplicación previstas na normativa tarifaria vixente, e as normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia.

20ª.- O persoal que dirixa e execute as operacións de manexo dos medios mecánicos haberá de ter perfecto coñecemento das características do traballo a desenvolver, dos elementos que empregue, tanto propios como do porto, e os utilizará con suxeición a normas estritas de seguridade e contará con habilitación específica para o manexo dos medios mecánicos, requisito este último esixible se é o caso.

21ª.- Cando o titular da autorización sexa unha persoa xurídica, designará un representante que efectuará as labores de relación ordinaria e de representación ante Portos de Galicia para canto se derive da presente concesión.

As empresas autorizadas deberán observar, coa maior escrupulosidade, o regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, así como cantas ordes e instrucións de explotación lles remita Portos de Galicia. Deberán comunicar calquera infracción ou deficiencia que se puidera apreciar, así como calquera anomalía ou incidencia que entorpeza o desenvolvemento das operacións portuarias.

22ª.- Sendo a organización e dirección dos traballos obxecto do presente prego de responsabilidade exclusiva da empresa autorizada, esta será tamén responsable, durante a realización das operacións, de tódolos equipos, elementos ou mercadorías que manipule.

Así mesmo, será responsable de calquera danos ou prexuízos causados a persoas ou cosas, sexan de titularidade pública ou de terceiros, debido ao exercicio da súas actividades así como as súas omisións ou negligencias no dito exercicio.

Serán tamén responsables ante Portos de Galicia, de calquera avaría, perda ou deterioro que se produza nos equipos ou instalacións desta por causa de negligencia, accidente ou inobservancia das regras de seguridade vixentes.

23ª.- As empresas autorizadas poderán utilizar na realización das operacións, os medios mecánicos indicados nas condicións particulares deste prego ou aqueles que se incorporen con posterioridade e sexan autorizados por Portos de Galicia, conforme ás condicións que se inclúan a continuación:

- a. O uso destes medios mecánicos e en particular das grúas, non implicará en ningún caso preferencia de atraque nin utilización exclusiva dos peiraos, salvo que forme parte do ámbito concesional autorizado.
- b. A empresa autorizada deberá presentar ante Portos de Galicia, previamente a súa entrada en servizo, os certificados de conformidade dos medios mecánicos que se autoricen en base a normativa vixente que lle sexa de aplicación. En concreto e no que se refire ás grúas, aportaranse os certificados correspondentes ás probas dos apartados de izado, accesorios de manipulación e cargas de proba dos ditos elementos, todo isto para os efectos das homologacións legais que procedan. A presente obriga non alcanzará aos certificados e homologacións





iniciais cando se trate de medios mecánicos da propiedade de Portos de Galicia, se se atopan vixentes, pero si a aqueles que se demanden con posterioridade.

- c. A empresa autorizada será a responsable de manter os elementos mecánicos en perfectas condicións de utilización, de forma que se garanta a seguridade das operacións. A tal efecto, deberanse realizar as inspeccións anuais de todos os seus elementos de seguridade, así como do estado da súa estrutura, mecanismos e demais dispositivos, efectuadas por unha entidade independente e debidamente homologada para o medio mecánico e o tipo de actividade de que se trate, debendo presentar unha copia das mesmas ante Portos de Galicia.

O deber de conservación de tódolos medios mecánicos alcanzará ao estado de limpeza, engraxe e pintura.

24ª.- Os equipos e maquinaria que empregue o titular da autorización, tanto si é da súa propiedade como se dispón del por calquera título xurídico de cesión que lle atribúa a súa disposición, haberá de cumprir as seguintes condicións:

- a. Tódolos equipos auxiliares de carga como cadeas, ganchos, balancíns, etc..., deben ter un certificado de empresa oficial de calidade do seu bo estado e aptitude para traballar coa súa carga normal.
- b. O medios mecánicos deberán contar con rodas e pneumáticos para a súa translación, prohibíndose o uso de rodas metálicas.
- c. As instalacións eléctricas da súa maquinaria deben estar visadas e autorizadas polo órgano competente da Consellería de Industria.
- d. Toda a maquinaria debe cumprir a regulamentación vixente sobre seguridade no seu funcionamento, e dispoñer de seguro en regra cando este requisito sexa legalmente esixible.
- e. A entidade concesionaria queda obrigada a realizar anualmente tódalas inspeccións dos elementos dos seus equipos e maquinaria que afecten á seguridade dos mesmos, conforme ao que dispoña a regulamentación vixente. Estas inspeccións realizaranse por entidades de control debidamente homologadas e o informe do seu resultado remitirase a Portos de Galicia no primeiro mes de cada ano. De non facelo así, Portos de Galicia ordenará a inmediata retirada do servizo da maquinaria e equipos que incumpran este requisito.

25ª.- Todo o equipo do que dispoña o titular da concesión, sexa da súa propiedade, alugado ou suxeito a outro réxime de cesión, con inclusión por tanto dos medios mecánicos expresamente autorizados e de todo o material auxiliar preciso para o desenvolvemento da actividade, estarán marcados cos nomes, iniciais ou distintivos do seu propietario ou usuario e, deberán levar nun sitio visible as características de tara e de potencia e capacidade de carga.

Calquera maquinaria ou obxectos que, a xuízo dos responsables técnicos de Portos de Galicia non se atopara nas condicións útiles para o servizo ao que se destine, será retirado pola empresa propietaria. De non facelo no prazo que a tal efecto se lle indique, Portos de Galicia procederá á execución subsidiaria da dita retirada a cargo da empresa, sen prexuízo da sanción que proceda, e da posible incoación de expediente de caducidade da autorización.

Portos de Galicia poderá ordenar as reparacións pertinentes da maquinaria se a mesma, a xuízo de técnicos competentes e por non atoparse en perfectas condicións de utilización, constituíuse un perigo ou molestia para os usuarios do porto; o incumprimento desta condición, sen prexuízo das sancións administrativas que puidera levar aparelado, poderá motivar a incoación de expediente de caducidade da autorización.

En calquera caso, Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou merma da maquinaria, materiais ou útiles que se atopen na zona de uso da instalación.

26ª.- Toda a maquinaria, equipos e o material auxiliar, que non se manipulen exclusivamente no ámbito da concesión, localizaranse naqueles lugares que figuren expresamente determinados nas condicións particulares da autorización, ou os que, de ser o caso, sexan sinalados en base a criterios de explotación portuaria por Portos de Galicia.

Aqueles equipos que se atopen fóra deses emprazamentos poderán ser obxecto de retirada e traslado por Portos de Galicia, sendo preciso para a súa devolución o aboamento dos gastos de retirada e traslado, e sen prexuízo de pararlle outras consecuencias previstas na normativa de aplicación.

27ª.- Aqueles elementos mecánicos que non se atopen operativos, deberán situarse nas zonas de estacionamento que establezan por parte de Portos de Galicia. As operacións de mantemento e/ou reparación destes elementos realizaranse nestas zonas, evitando en todo momento que se produzan molestias ou entorpecemento para as operacións portuarias ou para o depósito das mercadorías.





28ª.- O titular da autorización estará obrigado a conservar en bo estado o pavimento e demais elementos de Portos de Galicia situados na zona de uso e movemento dos medios mecánicos, así como velar polas axeitadas condicións de hixiene, limpeza, seguridade e medio ambiente. Caso de non facelo así, Portos de Galicia poderá ordenar as obras de reparación e conservación que sexan necesarias con cargo ao titular da autorización.

O anterior se entende sen prexuízo das sancións que puideran corresponder, e no seu caso, da incoación de expediente de caducidade da concesión.

29ª.- A autorización do usos de medios mecánicos no ámbito da autorización implicará a obriga de formalizar a fianza de explotación indicada na condición xeral 13ª cunha contía correspondentes co importe anual das taxa que debe aboar o titular, impostos incluídos.

### ANEXO (1)\_PLANO

